



ENTIDADES ASOCIATIVAS DE PERSOAS AUTÓNOMAS - 2024

Gastos de funcionamento e contratación de persoal de apoio

Subvencións destinadas a sufragar os gastos de organización interna das entidades asociativas de persoas traballadoras autónomas, para apoiar a consecución e o cumprimento dos seus fins e para a contratación ou prórroga do seu persoal técnico de apoio

Orzamento
350.000 €

ASOCIACIÓN

Prazo aberto do
26 de xaneiro ao
26 de febreiro
de 2024



Entidades beneficiarias

→ As entidades asociativas de persoas traballadoras autónomas de carácter intersectorial cuxo ámbito de actuación comprenda todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e non sexa superior ao da propia Comunidade Autónoma.

Non se incluírán entre as entidades beneficiarias aquelas que formen parte de confederacións, federacións e unión de asociacións que igualmente presentasen unha solicitude de axudas ao abeiro deste programa.



Requisitos das entidades beneficiarias

- 1º Ter **personalidade xurídica** propia e independente.
- 2º Estar inscritas no **Rexistro de Asociacións Profesionais de Traballadores Autónomos** da Comunidade Autónoma de Galicia na data de publicación desta axuda.
- 3º Desenvolver a súa actividade **exclusivamente no ámbito territorial** da Comunidade Autónoma de Galicia e con **carácter intersectorial**.
- 4º Ter o seu **domicilio social** e a sede na Comunidade Autónoma de Galicia, dispoñendo dunha **oficina permanente** ao seu nome.
- 5º Dispoñer o ano anterior á publicación desta axuda dun **cadro de persoal** medio de polo menos **unha persoa traballadora contratada con carácter indefinido e a tempo completo**.

Acceso á ficha da
sede electrónica



Pulsa para
acceder

VR 1501/2024



ENTIDADES ASOCIATIVAS DE PERSOAS AUTÓNOMAS - 2024

Gastos de funcionamento e contratación de persoal de apoio



Intensidade da axuda

Liña 1. Gastos de funcionamento

- Gastos de persoal (salario base, pagas extras e cotizacións sociais)
- Arrendamento de locais
- Servizos profesionais independentes
- Primas de seguros
- Publicidade e propaganda
- Material de oficina, fotocopias e imprenta
- Subministracións, limpeza de locais
- Aloxamento e mantemento da web
- Subscrición a publicación e inscrición en actividades
- Organización ou participación en congresos, seminarios...*
- Elaboración de estudos, publicacións, formación, proxectos ou programas de promoción do emprego autónomo*
- Arrendamentos financeiros sen opción de compra (*renting*)

* A subcontratación máxima a terceiros autorízase ata unha porcentaxe máxima do 80%. A contía de subvención polos gastos de desprazamento e mantención para participar nestas actividades non poderá ser superior ao 50% do custo

Pagamentos á conta de ata o **80%**

Ata o **90%** do gasto e máximo **65.000€**

Realizados entre o 1/11/2023 e 31/10/2024

Liña 2. Contratación laboral ou prórroga da contratación – para entidades beneficiarias da liña 1 –

- Contratación, ou prórroga da contratación concedida na convocatoria do 2023, dunha persoa técnica para asesorar e apoiar ás persoas autónomas integradas na entidade asociativa, no período comprendido entre o 1 de novembro de 2023 e o 31 de outubro de 2024

100% do custo salarial por 12 meses** e máximo **32.108,92€**

Unha vez ordenadas as solicitudes por puntuación, as contías íranse adxudicando ata esgotar o crédito dispoñible.

** O importe reducirase proporcionalmente nos contratos a tempo parcial, que non serán inferiores ao 50% da xornada.



Criterios de valoración das solicitudes

- A valoración farase dándolle a máxima puntuación en cada criterio á asociación que acade o valor máis alto, decrecendo as demais ata a puntuación mínima, conforme aos seguintes criterios:

Número total de persoas asociadas á entidade solicitante	Dende 35 a 10 puntos
Media do cadro de persoal da entidade no exercicio 2023	Dende 28 a 8 puntos
Postos de traballo ocupados por persoas traballadoras con contrato indefinido á data de presentación da solicitude	Dende 25 a 5 puntos
Número de sedes que consten no Rexistro de Asociacións Profesionais de Traballadores Autónomos de Galicia	Dende 20 a 5 puntos
Antigüidade da entidade	Dende 15 a 5 puntos
Orzamento de ingresos e gastos do exercicio 2024	Dende 7 a 1 puntos

Mínimo para optar a axuda **55** puntos

Puntuación máxima **130** puntos